



Programa de acollida 2020/2021

Desenvolvemento: 23 de setembro ao 7 de outubro de 2020

1. Novas normas de organización e funcionamento do centro

1.1. Horario do centro

ESO e bacharelato

- Mañás de luns a venres: entrada ás 8.50 h, saída ás 14.20 h
- Tardes de xoves: período de comedor de 14.20 h a 15.40 h, clases de 15.40 h a 17.20 h

Ciclos superior de xestión de vendas e espazos comerciais

- Mañás de luns a venres: entrada ás 8.50 h, saída ás 14.20 h
- Tardes de luns e xoves: de 15.40 h a 18.10 h

Ciclo medio de actividades físico deportivas no medio natural

- Mañás de luns e xoves: de 8.50 h a 13.30 h
- Mañás de martes, mércores e venres: de 8.50 h a 14.20 h
- Tardes de luns e xoves: de 15.00 h a 18.30 h (nas instalacións equinas)

Educación de persoas adultas e CUALE

- Horario de tarde/noite.

1.2. Recreos

A fin de rebaixar o uso simultáneo dos espazos, os recreos distribúense do seguinte xeito:

- **Alumnado de 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO e FPB: un recreo de 10.30 h a 10.50 h e outro de 12.30 h a 12.40 h.**
- **Alumnado de 4º ESO, bacharelato e formación profesional (ciclo medio e ciclo superior, respectivamente): un único recreo de 11.20 h a 11.50 h.**

1.3. Asistencia a clase e xustificación das faltas

Cada mañá, as familias teñen a responsabilidade de realizarlles aos seus fillos e fillas a **enquisa COVID**. Os representantes legais asinarán ao principio de curso unha **declaración responsable**, na que se comprometen a realizar diariamente a mencionada enquisa e a non enviar ao alumnado ao instituto, no caso de manifestar algún síntoma. A enquisa non se remite ao centro.

No caso das faltas do alumnado, é responsabilidade das familias comunicarllo telefonicamente ao centro o antes posible.

Se as faltas están motivadas pola aparición dalgunha sintomatoloxía relacionada co COVID, non será necesaria ningún xustificante médico para a xustificación da ausencia; abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán



a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.

1.4. Organización de entradas e saídas

O alumnado accederá ao centro a medida que van chegando os autobuses e poderá ir entrando nas aulas, sempre en ringleiras coa suficiente separación. O alumnado que non veña no transporte escolar procederá de igual xeito. Estarán en uso todas as portas do centro, incluídas as de emerxencia, e o alumnado accederá pola que lle estea asignada, seguindo as indicacións dos carteis.

Ao obxecto de escalonar o remate da xornada, dispónse que o alumnado abandone as instalacións en dúas quendas. Os alumnos dos grupos impares (1º e 3º) sairán 5 minutos antes de que soe o timbre os días impares, mentres que os días pares serán os grupos pares (2º e 4º) os que saian antes. Igual que á entrada, utilizarán a porta que lles corresponda, seguindo a sinalización. O alumnado sairá mantendo a distancia de seguridade e dirixirse aos autobuses sen formar grupos.

1.5. Normas específicas para as aulas

Nestes espazos cómpre observar normas estritas que garantan a orde e o distanciamento social:

- O uso da máscara será obrigatorio en todo momento. O alumnado deberá dispor dunha máscara de reserva.
- Cada alumna/o deberá dispor do material de traballo básico e non poderá compartilo.
- Cada alumno/a terá asignado un pupitre e unha cadeira, que son persoais e non poderán intercambiarse. Os pupitres teñen a ubicación precisa para garantir a distancia de seguridade de 1,5 m. Polo tanto, non poderán moverse de sitio.
- Cando sexa necesario empregar material común, será o profesorado quen o distribúa. Este material será desinfectado tras o seu uso.
- Se é preciso que un alumno empregue o encerado, realizarase unha desinfección previa con xel hidroalcohólico do rotulador que empregue.
- Limitaranse ao máximo, na medida do posible, os movementos dentro da aula.
- Aconséllase utilizar os baños durante as horas de clase, para evitar aglomeracións nos recreos. As visitas serán individuais e respectando sempre o aforo indicado. Prohíbese a formación de grupos no interior.
- Está totalmente desaconsellado utilizar elementos de mobiliario de uso común, como colgadores para a roupa, armarios e similares. As aulas despexaranse do mobiliario non estritamente necesario.
- Prohíbese compartir bebidas ou alimentos.



1.6. Organización dos cambios de clase

En caso de que sexa necesario o cambio de clase, a saída da aula farase de maneira ordenada e continua, de un en un, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polo/a docente á entrada da nova aula en ringleira de un gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación de aglomeracións de alumnado.

Se houbera outro grupo na nova aula, agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.

1.7. Normas de circulación polo centro e estancia nos espazos comúns

A circulación do alumnado polo centro reducirase o máis posible, sempre mantendo a distancia de seguridade para evitar as aglomeracións e seguindo os itinerarios específicos sinalizados. Como norma xeral, circularase pola dereita segundo o sentido da marcha.

Nas aulas específicas, no comedor e na biblioteca cumpriranse as mesmas normas de distanciamento, limpeza de mans, desinfección dos espazos e utilización da máscara, seguindo ademais as especificacións propias do profesorado da aula.

É obrigatorio respectar o aforo indicado nos cuartos de baño e na cafetería. A espera realizarase fóra deses espazos, en fila e mantendo a distancia de seguridade de 1,5 m (4 baldosas)

1.8. Condutas contrarias ás normas de convivencia

O incumprimento polo alumnado das normas anteriores queda incluído nos supostos do artigo 42 do Decreto 8/2015 coa consideración de conduta leve contraria á convivencia.

1.9. Atención ás familias

Os medios preferentes son o teléfono, a videoconferencia ou o correo electrónico. Se fose indispensable a presenza física das familias, deberá facerse previa cita e en horario non coincidente cos recreos ou outras franxas nas que hai movementos de alumnado.

Todos os asistentes á titoría levarán máscara e farán a pertinente desinfección de mans. Cando nalgunha destas reunións sexa necesario o visionado dalgunha proba escrita, avisarase con anterioridade para poder facer copias da mesma e evitar a manipulación conxunta.

O órgano de comunicación do centro é a web oficial (www.iespintorcolmeiro.org), que se complementa co servizo de mensaxería abalar.



2. Actuacións de prevención, hixiene e protección

2.1. Respecto das distancia de seguridade

En todo momento é obrigatorio manter unha separación interpersoal de 1,5 metros. É necesario evitar as aglomeracións.

2.2. Uso da máscara no centro e normas de hixiene de mans.

O seu uso é obrigatorio en todo momento e en todos os espazos do centro. Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.

2.3. Hixiene de mans

Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con xel hidroalcohólico, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón. O lavado realizarase cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo.

Puntos de desinfección. En todos os espazos do centro dispoñemos de xel de hixiene de mans, tanto nas aulas coma nos espazos comúns. En principio, nas aulas utilizaremos botes de plástico, mentres que nas áreas comúns instaláronse dispensadores automáticos. Todos os produtos utilizados para a hixiene de mans e a desinfección dos espazos contan coas certificacións que garanten a súa idoneidade.

2.4. Orde e limpeza no posto de traballo do alumnado

É necesario manter o material propio en orde e recollido. A mesa ten que estar limpa, en todas as aulas hai produtos de limpeza dispoñibles.

Ao final da xornada, o alumnado deixará a mesa totalmente recollida. O asento quedará sobre a mesa, co propósito de facilitar as tarefas de limpeza e desinfección.

2.5. Circulación e estancia nos espazos comúns

Procederáse como está indicado no punto 1.6. O centro conta cunha adecuada sinalización para facilitar o coñecemento das normas de circulación e dos aforos dos distintos espazos.

2.6. Sala COVID

A sala COVID está localizada na planta baixa, nunha dependencia próxima á cafetería. Dispón dos seguintes elementos de protección: termómetro, máscaras cirúrxicas, papeleira de pedal, panos desbotables e xel hidroalcohólico.

Indicacións para o illamento:

- Cando se sospeite que un membro do cadro de persoal ou do alumnado comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19, levarase a un espazo separado de uso



individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia ou persoa de referencia, no caso de afectar a alumnado, que deberá presentarse no centro á maior brevidade.

3. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial

3.1. Traballo nas titorías

- Educación en saúde, particularmente na prevención fronte a COVID-19. Carácter transversal da prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2.
- Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

Durante os primeiros días de clase o profesorado titor familiarizará ao seu alumnado co uso da aula virtual. Cando sexa posible utilizaranse as aulas de informática do centro para estas tarefas.

- Difusión do “Plan de adaptación á situación COVID-19” é un documento público do centro que estará a disposición de toda a comunidade educativa na páxina web do centro.

3.2. Aula virtual

Todo o profesorado asegurarse de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso virtual e da metodoloxía. Dedicará o tempo que precise nas aulas de informática para afianzar as destrezas do seu alumnado no uso do seu curso virtual.